

MATRÍCULA CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR	CURSO <u>20</u> / <u>20</u>	CERÁMICA ARTÍSTICA
---	---------------------------------------	-------------------------------------

DATOS PERSOAIS

NOME		NIF	
ENDEREZO		TELF	
DATA NACEMENTO		IDADE	EMAIL

O enderezo electrónico facilitado é unha canle de comunicación previa e posterior a estancia académica no centro. Coa formalización da matrícula se recibe outro enderezo que será a canle de comunicación durante a estancia académica no centro. Unha vez rematada esta, empregaremos, coa conformidade previa, o enderezo particular para as comunicacións laborais e en condición de ex-alumno titulado. Pregámosche que escribas ben claro e lexible o teu enderezo electrónico persoal.

DATOS ACADÉMICOS

DERRADEIROS ESTUDOS REGLADOS REALIZADOS								
CURSO ACADEMICO NO QUE SE DESENVOLVERON								
TITULACIÓN DE ACCESO (sinalar a que proceda)	ESO	FP	BACHARELATO	ARTES	DIPLOMATURA	LICENCIATURA	GRAO	OUTRO
CENTRO						ANO REMATE		

DATOS ECONÓMICOS

SEGURO ESCOLAR	Nº CONTA DE INGRESO	SOLICITUDE BECA	
1,12 €	(poñer en concepto do ingreso o nome e apelidos do alumno) NOVAGALICIA BANCO ES-63-2080-0162-32-3040008069	SI	NON

Módulos 1º curso	Horas totais	Créditos ETCS	Primera matrícula	Sigüentes matrículas
Debuxo artístico	108	6		
Debuxo técnico	108	6		
Volume	180	11		
Historia da cerámica	72	5		
Materiais e tecnoloxía cerámica	108	7		
Medios informáticos	72	5		
Taller cerámico	432	26		
Totais horas e créditos módulos	1080	66		

Módulos 2º curso	Horas	Créditos ETCS	Primera matrícula	Sigüentes matrículas
Volume	72	4		
Taller cerámico	288	18		
Proxectos de cerámica artística	144	10		
Proxecto integrado	144	12		
Formación e orientación laboral	72	4		
Formación práctica en empresas, estudos ou talleres	200	6		
Totais horas e créditos módulos	920	54		



Información básica Orde 1 de decembro de 2008

1. A **matrícula neste Ciclo Formativo**, que é incompatible coa matrícula noutros ciclos formativos, formalizarase para cada curso académico, e con ela o alumnado terá dereito a **unha única convocatoria anual por cada módulo profesional**.
2. Cada módulo poderá ser obxecto de avaliación nun máximo de **catro convocatorias agás FPEET, que é de dúas**. O alumnado que esgotase as convocatorias poderá solicitar unha extraordinaria, por doenza, discapacidade ou outros motivos que condicionen ou impidan o desenvolvemento ordinario dos estudos, perante a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais
3. O alumnado poderá **formalizar a matrícula no segundo curso** cando se cumpra algún dos requisitos de **promoción** seguintes:
 - a) Ter superados todos os módulos do primeiro curso.
 - b) No caso de ter algún módulo non superado, cando a suma da carga horaria dos ditos módulos non supere o 25 % da total do curso, de acordo co establecido nos respectivos decretos de currículo.
Para os efectos de promoción, non se terán en conta as horas de libre disposición (CFGS Gravado e CFGM Serigrafía).
4. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne, deberá **repetir** os módulos non superados, para o que deberá formalizar a matrícula no mesmo curso e incorporarse ao grupo de alumnado correspondente.
5. **Anulación da matrícula. Se antes do 31 de outubro**, se observase unha falta continuada de asistencia (período de 2 semanas consecutivas) de determinados alumnos ou alumnas, o centro docente requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación **nun prazo máximo de tres días** e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, bardante causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula.
O alumnado **tamén poderá solicitar de forma voluntaria** a anulación da súa matrícula **antes do 31** de outubro.
A praza vacante será cuberta polo alumnado en lista de espera, ata completar a cota asignada ao grupo.
A anulación da matrícula **non computará para efectos de convocatorias consumidas**.
6. **Baixa de oficio da matrícula**. A partir do 31 de outubro e ata final de curso, o centro poderá realizar baixas de oficio da matrícula ao alumnado **que deixe de asistir ás clases sen xustificación e de xeito continuado por un período superior a 25 días lectivos ou, de xeito descontinuo, por un período superior a 35 días lectivos**.
Para tales efectos, deberá quedar constancia na secretaría do centro da comunicación ao alumno ou á alumna desta circunstancia administrativa e do trámite de audiencia realizado.
A baixa de oficio suporá **a perda da condición de alumno ou de alumna do ciclo formativo**, e a correspondente convocatoria computarase como xa consumida. A reincorporación ás mesmas ensinanzas requirirá someterse a un novo proceso de admisión.
7. **Avaliación continua e perda do dereito de avaliación continua**: A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo. O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun **determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total, con independencia de que estas faltas sexan ou non xustificadas**. (A perda do dereito á avaliación continua unicamente implica un procedemento extraordinario e diferenciado de avaliación, o alumnado ten a obriga de asistir ás clases e realizar ás actividades programadas, xa que de non asistir será dado de baixa de oficio dos estudos).
O profesorado **podrá non permitir a realización de determinadas actividades prácticas** a aquel alumnado que teña perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións

Para poder empregar os programas informáticos que se usan na docencia por criterios de adaptabilidade ao mercado laboral profesional, convendría dispoñer dun ordenador persoal (mellor se é portátil) que cumpra como mínimo coas seguintes características:

MEMORIA RAM 4 GB (recomendable 16 GB) PROCESADOR Intel multinúcleo para 64 bits, velocidade mínima 2 GHz (recomendable Intel Core i7 ou superior). TARXETA GRÁFICA NVIDIA ou AMD memoria mín. 2GB, compatible con OpenGL 4.0 ou superior (recomendable: Nvidia RTX)	DISCO DURO 500 GB (recomendable SSD) SISTEMA OPERATIVO Windows 10 ou superior de 64 bits (non recomendable sistema operativo Apple macOS) PANTALLA Resolución mínima 1024 × 768 (recomendable 1920 × 1080)
---	--

DECRETO 131/2013, do 18 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Cerámica Artística

TOTAIS CRÉDITOS ECTS MATRÍCULA

SINATURA

CARIMBO

Lugo a ____ de ____ de ____